

ROGO DE AER SOBRE O LOCAL DE ENSAIO

PLENO 29 OUTUBRO 2015. ACTA 19/2015

Como é ben sabido, o Concello de Redondela conta cun local de ensaio para grupos situado na rúa Mendiño, que é empregado por diferentes grupos e formacións. Tentando buscar información sobre este na páxina web do Concello non demos atopado nada. Consideramos que na web do Concello deben estar expostos para a consulta tódolos servizos que se ofrecen por parte da nosa administración local, así como o procedemento para o seu uso, horarios, etc.

Dende AER **ROGAMOS** que se habilite un apartado específico na web do Concello para o Local de Ensaio, onde toda a veciñanza poida consultar o reparto de horarios actualizado, o procedemento para reservar uso, os grupos que fan uso do local de ensaios e a normativa, así como deberes e dereitos dos usuarios.